

Veleno en familia

ROCÍO LEIRA

1.ª Edición: Outubro de 2019

© 2019: Rocio Leira Castro

© 2019: Baía Edicións

Edita: Baía Edicións
Polígono de Pocomaco, 2.ª Avenida.
Parcela A2 / 52
Tel.: (+34) 981 174 296
15190 A Coruña

www.baiaeditions.gal

Distribución: Consorcio Editorial Galego
pedimentos@coegal.com

Impresión: Sgraf Artes Gráficas, Arteixo

ISBN: 978-84-9995-327-4
Dep. Legal: C 1701-2019

Reservados todos os dereitos. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (*Centro Español de Derechos Reprográficos*, www.cedro.org), se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Veleno en familia

ROCÍO LEIRA



BAÍA EDICIÓNS

Capítulo I / Dosinda

Ás doce comecei a sentirme mal. Tiña un decaemento fóra do normal. Fóra do normal, digo, porque aínda que case sempre estou cansa e me doen as pernas, esta vez era como se me desen unha malleira por todo o corpo. Estaba baldada. Os pés non me aguantaban do corpo e íame ó chan. Logo comezou a doerme a cabeza. Unha dor aguda punzábame a testa e chegábame ós sisos. Unha dor tan forte que me atravesaba de arriba a abaixo.

Un pouco despois comezaron os vómitos e a perda de visión. Empezou a virarme o sentido e todo me daba voltas como se estivese bébeda. Botei unha pota de auga ó lume e fixen unha infusión para ver se me pasaba. Pensei que quizais era un corte de dixestión, ou que algo me fixera mal na hora da comida, aínda que agora case non como nada. Non sei nin como me aguanto de pé coa debilidade que teño en min. A dicir verdade sempre fun de pouca comida.

Unha enfermeira de poucos anos, e ben guapa por certo, pregúntame se vive alguén comigo.

Estaba soa na casa, coma case sempre, e non tiña por quen chamar. Á miña filla gústalle moito facer as súas cousas sen preocuparse da súa nai. Déixame soa coma un can e marcha tranquila ós seus traballos. A casa quéimalle e non me estraña. A casa queima a calquera. E o cabrón do meu xenro aínda é peor. Trátame coma un trapo e non fai máis

que dicirme que son unha preguiceira, que teño moita folga e que me están mantendo de balde. Co que eu teño! Se chego a estar con outros, trátanme como unha princesa e non me deixan mover palla.

E eu non podo nadaña –prosigo contándolle–. Chegada unha idade as persoas non facemos máis que estorbar. Queren o que ten o vello pero non queren aturalo. Pero alá eles coas súas conciencias... Os meus pais viviron máis de noventa anos e coideinos do melloriño ata que Deus mos levou. Non houbo vellos tan ben coidados en toda a volta. Xa tiña eu a fama coma o viño do Ribeiro... Pero os fillos de agora non son como os de antes, andan ó seu, e non queren máis que os cartos.

O médico dime que comprende as miñas aflicións, que se pon no meu lugar e que merezo un trato digno para unha persoa da miña idade, pero que non lle interesa saber os pormenores da miña vida familiar, que el o que quere é saber o que me puido pasar para chegar nese estado.

Seguín un tempo vendo todo borroso e decateime de que algo grave me estaba a pasar. Pouco a pouco as dores foron estendéndose por todo o corpo e comecei a suar como se un río me estivese correndo por dentro. Marchábame o sentido. Así que botei porta a fóra, petei na casa da veciña, María, e mandeille que chamara o médico.

Non sei o tempo que pasou ata que chegou a ambulancia. Para entón todo o meu corpo estaba entumecido e non era quen de mover nin un dedo. Pensei tanto na morte...

Os ollos ardíanme por dentro, o mesmo que o nariz e a garganta, e, entón, perdín o sentido por completo. Cando espertei xa estaba aquí en urxencias.

O médico escóitame con atención mentres lle falo. Unha enfermeira chama por el e sae a fume de carozo.

A sala na que estou é moi pequena. Alguén berra ó meu lado, pero unha gran cortina de tea branca impídeme ver

quen é. Nestes intres o que menos quero é falar. Síntome tan feble que podoo desmaiar en calquera momento. Márchame a vida.

Fóra escoito a voz da miña filla Carme. Menos mal que apareceu, ho! Debo levar horas no hospital e ela aínda chega agora. Claro, como está tan ocupada a pobre... Chora e pregunta por min. Falsa como as mulas! Está desexando que morra para quedar libre. Pero o día que eu lle falte, leva que pasalas. Que eu aínda lle fago moito traballiño pola casa: recollo as galiñas, quento comidas, varro a cociña... Ela pode marchar tranquila ós seus traballos e iso vale moitos cartos. Se tivese que facer o de dentro e máis o de fóra había de velas negras, pero non se dá de conta de canto lle vale súa nai. Xa se dará o día que lle falte...

A Ramón non o escoito. Mellor. Non estou para facerme mal sangue nestes momentos. Téñolle tanta rabia que non podoo velo diante.

As enfermeiras van e veñen a xunta a min, meténdome agullas no brazo, tomándome a tensión e todas esas cousas que me fan cada vez que me dá mal e veño ó hospital.

Pero esta vez é diferente. Seino. Sei que isto non ten nada que ver cos meus achaques, nin cos nervios, nin coa ansiedade, nin coas miñas perdas de memoria. Isto é algo máis gordo. Algo peor.

Carme berra fóra coas enfermeiras. Quere pasar a verme, pero alguén lle di que non pode. Entón escoito ó meu xenro Ramón e teño ganas de vomitar. Ódoo tanto que faría calquera cousa para que desaparecera da miña vida.

De súpeto, unhas cambras fortes axitan todo o meu corpo. Tento agarrarme ó bordo da cama, pero as mans non

me responden. Estou moi feble. Berro co pouco fío de voz que me queda e as enfermeiras veñen correndo. Murmuran entre elas, pero eu podoo escoitar algunha palabra solta. Ten un bloqueo cardíaco, di unha. O pulso está moi lento e ten dificultades para respirar, engade outra máis noviña. Fanme aloumiños e trátanme moi ben. Moito mellor que na miña casa. Se por min fora, quedaría para sempre aquí.

Volve o médico. Trae uns papeis na man. Achégase ás enfermeiras e dilles: «Confirmado: envelenamento por praguicida».

Capítulo II / Carme

Os nervios cómenme mentres agardo na sala de espera polo médico. Está ateigada de xente.

Os lugares así abáfanme moito. E ademais non me gusta nadiña o recendo que hai aquí. Por fin chaman por nós. Un rapaz moi feito, que debe ser o médico, recíbenos nunha consulta abarrotada de papeis. Míranos con seriedade e comeza a falar nun ton de voz tan baixo que case non se escoita.

—Xa temos os resultados das probas que lle fixemos á súa nai. Presenta organofosforados de uso agroveterinario no sangue, con elevadas concentracións do principio activo, o que revela unha alta exposición nos últimos días a algún tipo de praguicida. Atópase, ademais, mesturado coa codeína, o que nos conduce ata a posibilidade de que o praguicida fose ocultado no tratamento da bronquite que padece. Tan pronto o soubo súa nai alterouse moito e comezou a berrar botándolles a culpa a vostedes. Di que lle meteron o veneno no xarope. Que leva días notando un sabor estraño cada vez que o toma.

Ramón está branco como unha baldosa. Ponse moi nervioso e comeza a xurar. Eu agárrolle o brazo porque me dá vergoña que fale así no hospital. O médico trata de calmalo pero non o consegue.

—A vella está enferma dos nervios dende que lle morreu o fillo e ten unha depresión de cabalo. Ás veces perde o sentido e non dá pé con bóla. Igual tomou o veneno e nin se acuerda, ou peor aínda, igual o fixo para botarnos a culpa a nós. É lista como unha raposa e mala como o demo.

O médico non responde ás palabras de Ramón. Polo seu xesto semella demasiado conmocionado por todo o que está pasando. Quizais pensa que as verbas son a única maneira que ten un home coma el para pedir axuda.

Un enorme silencio abrángueo todo. Treme como unha vara verde. O médico toma por fin a palabra.

—Un pouco máis e os efectos serían mortais de necesidade —fala con seriedade—. Menos mal que puidemos atallar a hemorraxia interna antes de que fose demasiado tarde. É case un milagre que unha persoa dos seus anos, e cos seus antecedentes, siga viva despois de semellante mestura.

As palabras do doutor parecen multiplicar por dez o odio que Ramón sente. Continúa a berrar e xurar cada vez máis alto. Tanto, que un par de enfermeiras se achegan pola consulta para pedirlle que baixe a voz. Insulta a mamá co rostro acendido pola rabia e insístelle ó médico que tivo que ser ela a que botou o veneno no xarope para inculpalo a el. Asegúralle que na casa non tomamos ningunha precaución cos sulfatos que utilizamos, e que calquera os podería coller.

—Esa bruxa ódiame dende hai moito tempo. Tenme unha manía que non pode nin verme. Nunca lle entrei polo ollo porque a miña herdanza era pequena e ela quería terrenentes para a súa Carme —berra alporizado.

O médico ofrécelle un vaso de auga e dille que se tranquilice. Ramón bota un grolo detrás doutro e continúa falando.

—Mire, eu mataría a miña sogra en moitas ocasións, pero asegúrolle que o faría coas miñas propias mans. Eses *amariconamentos* de envelenar o xarope non van comigo. As películas non me gustan nadiña. Teño traballo abondo co gando e coas leiras como para andar artellando cousas desas.

Ramón chora coa rabia. Estarrícase na cadeira e enterra a cabeza entre as mans. Tento consolalo, pero chora cada vez máis forte. Teño medo que lle dea un ataque de ansiedade.

O doutor ofrécelle un pano de sonar os mocos e dáme outro a min. Eu saco forzas e dígolle ó doutor que mamá está obsesionada con botarnos da casa.

—Ela dálle moita importancia ás herdanzas e ós cartos. Mide as persoas polo que teñen, e gábase das moitas leiras que posúe. Quere que lle rendan reverencia polo seu ter, que estean as vinte e catro horas á súa disposición e nós temos o mundo enriba. Con vinte vacas e outros tantos becerros non damos feito a todo. Ademais ela polo de agora manéxase por si mesma e non precisa unha persoa ó seu lado todo o día.

O médico pregúntame se nos levamos ben con ela, ou se se nos ocorre algún motivo polo que queira facernos dano dese xeito.

—É moi egoísta e non pensa máis que en si mesma. Nunca aceptou que papá me deixara a min a casa e a ela só o usufruto. Con nós fóra de combate a casa quedaría enteiraña para ela e iso é o que sempre desexou. Creo que por iso inventou iso, porque outra cousa non se me ocorre.

—Hai que ser moi malnacida para facer algo así. Para ela sempre estiveron os cartos por enriba da familia. A gran marquesa... Marquesa de que, da morriña? Porque iso é o que ela ten. Morriña abonda.

A situación era cada vez máis desagradable para todos.

O meu home continúa cambaleándose no asento sen deixar de mover as mans dun lado para o outro. Está tan nervioso que neses intres teño medo que se revire ó médico e lle bata cos puños.

—Mire, se cala vostede un momento... —comeza o médico, pero Ramón interrómpeo.

—Non se lle ocorra mandarme calar, malnacido sabichón. Pensa que por levar bata branca xa pode tratarnos como lle dea a gana? É vostede coma ela e non penso calar cando levo a razón. Estou farto de facelo durante tantos anos. Se lle tivese posto as cousas claras dende que cheguei a esa casa agora non pasaría isto. Pero vai un de bo polo mundo e o único que leva son hostias. Hostias e patadas nos collóns.

—Creo que está demasiado nervioso para atender a razóns.

—Fale cos veciños —berra Ramón, interrompéndoo de novo—. Todos lle dirán que a vella non anda ben da cabeza. Ás veces soña cousas e pensa que son verdade. Conta cada trola que mete medo. Por non falar de cando perde o rumbo e, logo non sabe volver para a casa. Hai que andar con ela coma cunha nena. Vai vostede facerlle caso a unha tola? Mire os informes. Leva moitos anos tratándose da enfermidade. Aquí teñen que ter o papelame todo.

—A gravidade do asunto fai que teñamos que abrir unha investigación policial. O xuíz e a forense están de camiño.

O médico anotou algo nos seus papeis e a continuación tecleou no ordenador. Ramón e eu mirámonos abatidos. Pásolle a man pola cabeza e parece tranquilizarse.

O silencio que vén a continuación está cargado de toda a culpabilidade que alguén pode facerche sentir. O médico diríxenos unha mirada fría e de desprezo. Derrúbome e boto a chorar.

Chaman á porta e unha enfermeira entra acompañada de dous policía. Ramón e mais eu decatámonos que veñen por nós. Mirámonos fixamente xusto nese intre eterno antes de que todo aconteza.

Capítulo III / Carme

Ramón volveu hoxe para a casa. Eran as nove da noite e eu arrastraba o corpo dun lado ó outro sen saber moi ben que facer, cando escoitei que se abría a porta de fóra. Cando o vin, coa pequena bolsa de roupa envolta na man, corrín a abrazalo. El apartoume con brusquidade e respondeu cun silencio inquietante a todas as miñas preguntas. Non tiña ganas de contos. Non me estraña nadiña. Tanto tempo privado de liberdade...

A min xa me ceibaron ás poucas horas, logo de que mamá prestase declaración en contra de Ramón e me quitase a culpa de todo. Pero a el levárono ó calabozo e alí estivo tres días imputado por intento de asasinato. Que vergoña, miña madriña!

O caso saíu no telexornal e todo. Quen me ía dicir a min que un día seríamos nós os protagonistas das novas do día!

Os da televisión mandaron un coche con catro rapaces. Estiveron polas voltas da casa para ver se podían pescar algo de min, pero eu pecheime dentro e non saín ata que vin arrincar o coche. As vacas berraban coa fame na corte, pero non quixen arriscarme a que me pillasen por diante e me metralhasen a preguntas. Que querían que lles contara?

Tiveron que andar preguntando tamén no lugar pero non lles deberon contar moito porque axiña arrincaron e marcharon. E todo pola culpa de mamá, que contou mentiras a varrer. Ata lle dixo ós policíaos que lle vira meter uns pos no xarope, pero que non lle dera importancia no momento, porque ás veces lle fallaba a vista. Mentira todo! Estou segura de que non viu tal cousa. Ramón pode ser un badanas e ter moi mala boca, pero nunca lle faría dano á sogra. No fondo non é máis que un pobre home. Cómeo o xenio pero non ten mal fondo.

Os policíaos rexistraron toda a casa. Deixáronma patas arriba. Máis traballo para min, por enriba do que xa teño.

Total, non atoparon cousa ningunha. Que ían encontrar? Os produtos habituais para sulfatar, como os que pode ter calquera da aldea na súa casa. Aquí vivimos do campo, díxennlle á policía. É normal que teñamos esas cousas.

Ademais, foron declarar case todos os veciños a favor nosa. Todos, menos os que nos queren mal, que a pesar de saber do estado mental da miña nai, preferiron non abrir a boca.

Como non ían declarar na súa contra, se mamá leva un tempo mal do sentido? Cantas veces non a viron camiñar sen rumbo e tiveron que traela a casa? Cantos non a escoitaron dicir barbaridades por esa mala boca que Deus lle deu? Non lle contou un día a unha prima súa que a min me dera moito mal e tivera que vir un helicóptero a buscarme, sendo todo mentira? Armaba cada unha que metía medo. De un dedo facía unha man, e de unha man o brazo enteiro. Ás veces xa non sei se era pola enfermidade ou por ser tan trapalleira.

Ramón perdeu dez anos de vida e unha chea de quilos. Ata lle branqueou máis o pelo. É increíble o que fan os desgustos.

Está triste e deprimido. El nunca foi de moitas palabras, pero podo verlle a tristura na mirada. A calquera que lle pase semellante trago...

Eu trato de animalo, dicíndolle que agora temos que tirar para adiante, pero non é doado. A conduta logo se perde e a sombra da sospeita sempre queda. Ademais, con que cara se presenta agora ante os veciños? A el, que sempre lle importou moito non ter que andar na boca dos demais... verse agora nesta lea... Non sei como non tolea co desgusto...

Eu tampouco estou moito mellor. Vou dun lado ó outro da casa como unha autómatas, sen saber moi ben o que fago. Ando tan atribulada que á hora do xantar cando estaba a picar a cebola para a ensalada corteime co coitelo e nin me decatei. Non foi ata que vin o sangue escorrer pola mesa adiante que tomei conciencia do que pasara. Normal..., a cabeza vírame a mil por hora. Como siga así hei acabar igual de tola que mamá. Aínda prefiro que Deus me leve antes...

O meu estado anímico é tan feble que por calquera cousa me boto a chorar. Dáme por pensar en papá e na vergoña que pasaría se estivese vivo e non me podo aguantar. Mírome no espello e invádeme unha terrible sensación de perda. De perda dunha vida que xa nunca máis será igual.

Nunca me vin tan avellentada. Os desgustos quedan no corpo. Teño unhas bolsas enormes debaixo dos ollos e ata me caeu o pelo con todas estas cousas. Peitéoo dun xeito e do outro, tratando de disimular a calva que teño no medio, pero non hai maneira. Paso as noites en vela bulindo de aquí

para alí, agardando que a alarma do reloxo soe para botarme en pé e ter unha escusa para seguir vivindo. Aínda non sei que tal aguanto. Como siga así vou ter que ir ó médico a que me dea unhas pílulas porque con este ritmo non vou poder resistir.

Maldita toleirana! Non ten máis que maldade cara a nós, especialmente cara a Ramón. Nunca o puido soportar, e todo porque era de familia pobre. Mamá sempre se tivo por moito e pensaba que ía casar a filla cun tenente coronel. Cando lle anunciei a nosa voda colleu un desgusto tremendo. Nunca lle foi ben dende aquela.

Ramón non lle entrou polo ollo dende o primeiro día e sempre fixo todo o posible por amargarlle a vida. Ata lle prohibiu traer os seus pais a comer a esta casa, logo dunha rifa que tiveron. Eu tratei de mediar pero non houbo maneira de que cedera. Alegaba que era unha familia da trangallada e que non quería que nos relacionaran con eles. A dicir verdade, miña sogra tamén era de cana e marzo, unha boa peza. As poucas veces que estiveron as dúas xuntas parecían dous galos de curral, a ver quen era a que mandaba máis.

O médico contoume que cando o xuíz e a forense foron falar con ela no hospital, parecía moi corda. Pero con enfermos dese tipo xa se sabe... Unhas veces din cousas con xeito e ós cinco minutos xa están soltando barbaridades. Malia a todo, polos antecedentes de mamá, e por todas as testemuñas que declararon, acabaron dándonos a razón.

Nós xa lle deixamos claro á policía que non queremos seguir vivindo con ela. Levamos case trinta anos aguantando os seus insultos e menosprezos. E todo por unhas cantas leiras... A min o seu ter non me valeu de nada máis que para

desgustos. É mellor non ter onde caer morto e vivir tranquilo. Pode facer coa herdanza o que lle pete, pero nesta casa non volve entrar. Non me importa que sexa miña nai nin carallos, non quero vela máis.

A desgraciada pronto atopou acubillo. Hainos que están coa boca aberta agardando oportunidades así...

Nada máis saír do hospital, fíxose cargo dela Rosa Mari, a súa sobriña. Con intención de quedarse con todo, estou segura. Rosa Mari non ten onde caer morta e a paga de mamá vaille tapar moitas faltas. Leva que chupar e desfrutar! Pois que lle aproveite. Ogallá lle sirvan os cartos para misas.